

NOIA HARP FEST

A 12ª edición do Festival Internacional de Arpa Vila de Noia celebrarase do 30 de xullo ao 2 de agosto

O Noia Harp Fest é o único evento dedicado integramente ao instrumento de todo o noroeste peninsular; no que se dan cita artistas de diversos estilos e orixes e promove o encontro entre o alumnado de arpa das distintas escolas de Galicia

A terceira edición do Premio de Composición Portus Apostoli, organizado polo Noia Harp Fest coa colaboración do Concello de Noia, recibiu unha ducia de propostas de Alemaña, Arxentina, Austria, Colombia, España, Estados Unidos, Finlandia, Israel e Italia



Estrea de 'Hibrys', obra gañadora do Portus Apostoli 2023, coa arpista Beatriz Cortesao e a Real Filharmonía de Galicia

Noia, 27 de xaneiro de 2025- O Festival Internacional de Arpa Vila de Noia, coñecido como Noia Harp Fest, celebrará a súa duodécima edición este verán. Os días 30 e 31 de xullo, e 1 e 2 de agosto, a programación do único evento no noroeste peninsular dedicado a este instrumento regresará os espazos máis emblemáticos da localidade coruñesa.



O Noia Harp Fest, dirixido por Rodrigo Romaní, Beatriz Martínez e Alba Barreiro, -e que conta co apoio do Concello de Noia e da Xunta de Galicia a través de Turismo de Galicia, ademais da colaboración da Deputación da Coruña-, é unha cita imprescindible do calendario musical do verán para todas aquelas amantes da arpa así como da diversidade artística; pois o evento reúne cada tempada numerosas bandas e solistas, tanto galegas coma internacionais, de diferentes estilos e orixes. **O fío condutor do festival é a interpretación a través da arpa**, polo que durante unhas xornadas o público pode descubrir desde músicas ancestrais até creacións contemporáneas de vangarda, chegadas de países como Francia, Irlanda, Lituania, Paraguai, Polonia, Senegal ou Ucraína, e por suposto desde o territorio galego: precisamente o Noia Harp Fest é o evento que acolle, desde 2023, o **Encontro de Escolas de Arpa de Galicia**, que reúne ao alumnado dos centros galegos para tecer comunidade, convivir e interpretar, xuntas, unha composición.

Outra iniciativa tamén promovida polo Noia Harp Fest, e que neste caso conta co apoio específico do Concello de Noia, é a convocatoria do **Premio Internacional de Composición Portus Apostoli**, un certame innovador que pretende ampliar o repertorio actual de obras para arpa e orquestra. A súa terceira edición, aberta até o pasado 23 de decembro a creadoras e creadores de calquera nacionalidade, recibiu un total de 11 propostas orixinais chegadas de **Alemaña, Arxentina, Austria, Colombia, España, Estados Unidos, Finlandia, Israel e Italia**.

O galardón, que conleva unha achega económica de 2.500 euros, suporá tamén **a estrea da propia obra da man do NHF**. Un xurado especializado, conformado por arpistas e directores de orquestra de recoñecido prestixio, será o responsable de valorar e premiar as creacións, nas que se terán en conta, entre outros aspectos, a proposta creativa; o tratamento da técnica e da escritura para arpa -así como da orquestración-; a coherencia, proporción e equilibrio no traballo técnico; ou o equilibrio entre dificultade e resultado musical. Por último, o tribunal valorará de forma positiva aquelas obras con referencias á música ou á cultura galega. **O fallo do xurado terá lugar o 13 de febreiro**.

Contacto de prensa Noia Harp Fest

The Office Comunicación
Lucía Pita - 675 404 321
lucia.pita@theofficeco.es